

ACTA DA XUNTA ELECTORAL

DILIXENCIA DE PECHE DO PROCESO ELECTORAL

Nº: 11/26

Data: 06 de xullo de 2026

Hora: 11:15 horas

Modalidade: Reunión telemática

En Vigo, sendo as **11:15 horas do día 06 de xullo de 2026**, reúnese a Xunta Electoral da Federación Galega de Balonmán, coa asistencia das seguintes persoas membros:

- D. **Javier Nogueira Garrido**, Presidente.
- D. **Carlos Rodríguez Vicente**, Secretario.
- D. **Alberto Prieto Álvarez**, Vogal.

Actúa como Secretario D. Carlos Rodríguez Vicente, quen redacta a presente dilixencia.

EXPÓN

Primeiro. Que o proceso electoral da Federación Galega de Balonmán correspondente ao ano 2026 desenvolveuse de conformidade co disposto na **Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia**, no **Decreto 16/2018, do 15 de febreiro**, polos **Estatutos da Federación Galega de Balonmán**, polo **Regulamento Electoral** aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte e polo calendario electoral validado por este órgano.

Segundo. Que durante o desenvolvemento do proceso electoral foron realizadas todas as actuacións previstas na normativa aplicable, incluíndo, entre outras, a aprobación e publicación do censo electoral, a convocatoria oficial das eleccións, a proclamación provisional e definitiva das candidaturas á Asemblea Xeral, a celebración das eleccións aos estamentos correspondentes, a proclamación dos membros electos da Asemblea Xeral, a elección da Presidencia e da Comisión Delegada, así como a proclamación definitiva da persoa titular da Presidencia da Federación Galega de Balonmán.

Terceiro. Que con data **6 de xullo de 2026** tivo lugar a toma de posesión de **D. Bruno López Molina** como Presidente da Federación Galega de Balonmán, quedando plenamente constituídos os órganos de goberno e representación da entidade e producíndose o cesamento da Comisión Xestora.

Cuarto. Que durante o proceso electoral foron resoltas pola Xunta Electoral todas as cuestións da súa competencia e non existen actuacións pendentes que impidan considerar finalizado o procedemento electoral.

DILIXENCIA

A Xunta Electoral da Federación Galega de Balonmán **DECLARA FORMALMENTE CONCLUÍDO O PROCESO ELECTORAL 2026**, ao terse cumprido todas as fases previstas na normativa electoral e atoparse plenamente constituídos os órganos de goberno e representación da Federación.

Así mesmo, **acorda dar por rematadas as funcións atribuídas á Xunta Electoral**, sen prexuízo das actuacións de carácter administrativo que, de ser o caso, resulten necesarias para a remisión, arquivo e custodia da documentación electoral.

Ordénase a incorporación da presente dilixencia ao expediente electoral e a súa remisión, xunto co resto da documentación do proceso, á **Secretaría Xeral para o Deporte** e ao **Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia**, para os efectos oportunos.

E para que así conste, expídese e asínase a presente dilixencia no lugar e data anteriormente indicados.

O Secretario da Xunta Electoral

Vº Bº O Presidente da Xunta Electoral

Asdo.: Carlos Rodríguez Vicente

Asdo.: Javier Nogueira Garrido